


MESA SECTORIAL DAS ORDES DOS CURRÍCULOS DE CICLOS FORMATIVOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

A Consellaría confirma que non haberá máis regulamentación a nivel galego dos currículos de FP que o incluído nestas catro ordes e que só quedan pendentes a Orde de avaliación e a de Acceso e Admisión para adaptar a nova normativa de FP a Galiza.

A CIG-Ensino leve case tres anos, desde a publicación do RD 659/2023, pedindo que se adapten os currículos dos ciclos a Galiza, e alertou da problemática que podía haber este ano nas oposicións precisamente pola indefinición da convocatoria sobre cales están vixentes, se os estatais ou os galegos. Agora preséntanse estes borradores sen dar un prazo prudencial para que o profesorado, abafado estes días pola burocracia de fin de curso especialmente nos CIFPs, poida facer achegas ao seu contido. Sorprende que estas Ordes regulen sobre todo tema de espazos e requirimentos mínimos, cuestións metodolóxicas e as figuras externas da docencia que está claro que a Consellaría ten moita prisa por legislar. A CIG-Ensino considera que había que realizar unha estrutura diferenciada das catro Ordes porque, por exemplo, nin o apartado dos espazos nin o de metodoloxía teñen nada que ver entre a FB básica e os Ciclos Superiores ou CE.

Ante a pregunta da responsábel de FP do sindicato sobre se estas son as Ordes que regularán de forma definitiva os currículos dos ciclos en Galiza, a directora xeral de FP respondeu que si confirmando que non haberá desenvolvemento individual de cada un dos currículos nun Decreto galego como anteriormente. A razón que alegou a directora xeral de FP é que coa nova normativa estatal de graos A, B, C, D e E, para certificar un grao B, por exemplo, o módulo ten que ser idéntico ao dos currículos estatais e responder aos estándares de competencias polo que calquera modificación que se puidera facer a nivel autonómico poría en risco esa certificación. Aínda compartindo que a administración estatal vai moi lenta no desenvolvemento destes graos, a CIG-Ensino cuestiona que a Xunta non asuma as competencias que ten Educación e lamenta que non se aproveite para actualizar cando menos os contidos dos ciclos. Neste sentido, a directora xeral comentou que esperan que se poidan empregar as



novas tecnoloxías para adaptar os contidos dos ciclos ás contornas produtivas de cada zona. Porén, nos vindeiros cursos seguirán cargados en Proens os currículos dos ciclos dos RD estatais, que apenas foron actualizados no ano 2024, e só se poderán facer modificacións no apartado dos contidos ou crear CAs, debidamente xustificadas, e subCAs.

A CIG-Ensino insistiu moito en que de cara ás vindeiras oposicións se deixe claro na convocatoria que currículos estarán vixentes e que non haxa os erros deste ano nas rúbricas (na da UD mantíñase unha referencia aos mínimos esixíbeis que desapareceron en Proens). **A Consellaría agarda ter estas 4 Ordes publicadas antes de que comece o vindeiro curso.**

A representante da CIG-Ensino trasladoulle á directora xeral de FP que a maior parte das achegas que se recibiron estes días foron cuestións que responden á inquedanza do profesorado sobre a desaparición de ciclos de modular, o seu desacordo sobre a oferta para o curso que vén, nomeadamente porque se prime a dual intensiva en lugar do réxime dual xeral, e sobre moitas problemáticas e carencias no seu día a día. “O profesorado de FP está especialmente farto de como se lle trata por parte da Consellaría e a proba

está nas protestas que protagonizaron este curso no CIFP Manuel Antonio, agora no CIFP Ánxel Casal, ou contra a imposición das aulas nómada sen diálogo previo en Carral e Vigo...”, incidiu.

Ademais a CIG-Ensino tamén fixo unha reflexión xeral sobre **o feito de que non se tiveran en conta as peculiaridades destas ensinanzas tanto nas medidas adoptadas sobre a xornada laboral** (duración das sesións en CIFP e IES; redución do horario lectivo a xefaturas de departamentos, coordinacións, nomeadamente a de FCT; titorías de dual ou de Formación en Empresa, non asignación horaria para Educalidade nin para o módulo de Proxecto) **nin sobre atención á diversidade** (por que en PDC que teñen unha ratio de 10 hai apoio de PT e na FP básica non) nin sobre as ratios. Todo isto fai que este sexa agora mesmo o colectivo docente máis esquecido pola Consellaría e o máis indignado.

En resposta á demanda de maiores recursos para atender a diversidade a directora xeral incidiu en que o alumnado de FP o que precisa é profesorado de FP “que lle ensine a facer cousas e non outro perfil docente”.

Por outra banda, no que ten ver coas ratios, a CIG-Ensino expuxo que o RD 659/2023 establece que ao inicio do curso 28/29 os ciclos medios, superiores e cursos de especialización presenciais teñen que ter 25 alumnos e alumnas e os básicos 20.

Se se quere cumprir esta normativa e se fai de xeito escalonado, o vindeiro curso tiña que empezar a aplicarse en primeiro. Na oferta formativa para o curso 26/27 seguen aparecendo entre 18 e 30 prazas de forma variábel nos ciclos medios e superiores presenciais, polo que **preguntamos se a Consellaría ten previsto cumprir a normativa estatal ou non e aproveitamos para pedir que se reduza a 15 a ratio na FP básica**, cifra perfectamente asumíbel pola administración, **e un máximo de 30 na modalidade a distancia**. A resposta da administración é que Galiza xa cumpre estas ratios porque nos ciclos máis prácticos non hai máis de 25 prazas e computa dobre o alumnado que ten discapacidade, algo que non é certo. No que respecta á formación a distancia avanzou que até que o Ministerio acometa a enésima modificación do RD 659/2023 para regular esta modalidade formativa non van tomar ningunha decisión. De feito, indicaron que tiñan previsto traer á Mesa os borradores das Ordes de avaliación e a de Acceso e Admisión pero que van agardar por se esa nova regulamentación ten incidencia no seu contido.

Disposición adicional séptima. Ratio alumnado/profesorado en ofertas de grados D y E.

1. Las administraciones competentes reducirán progresivamente, en las distintas ofertas de formación profesional de grados D y E, preferentemente las que requieran el uso de aulas-taller, laboratorios, y otros espacios singulares de trabajo, la ratio de alumnado en modalidad presencial hasta el máximo de veinticinco alumnos por profesor, para los ciclos formativos de Grado Medio, de Grado Superior y Cursos de Especialización, y hasta un máximo de veinte alumnos por profesor o profesora para los ciclos formativos de Grado Básico con las mismas características, debiendo alcanzarse dicha ratio al inicio del curso 2028-2029.

A respecto da necesidade de implementar nova oferta formativa en todo o territorio pero escoitando previamente os centros e da polémica coas novas aulas nómadas de FP, **os representantes da administración insistiron en que se falara cos centros previamente, que as aulas nómadas están perfectamente dotadas de todos recursos técnicos como mesmo de climatización e que a escola de Automoción para Carral se debe a que é a FP máis demandada polo alumnado en toda Galiza e que Electricidade e Electrónica ten moita saída laboral na comarca de Vigo**. A CIG-Ensino amosouse partidaria que o ciclo básico de Automoción se implantara na zona de Ferrolterra ou As Pontes, ante a chegada de SAIC á zona e incidiu en que a administración ten que adaptar a oferta formativa á actividade produtiva das comarcas. Como exemplo puxo os ciclos da familia Agraria, que non hai ningún en toda a comarca Xallas-Barcala mentres se mantén a EFA privada de Fonteboa. **Ante isto a administración respondeu que ningún ciclo dos desta familia profesional nin de industrias alimentarias funcionara nesta comarca e que SAIC non vai precisar persoal de Automoción senón doutras ramas**.

Aínda no apartado introdutorio, o sindicato maioritario fíxolle entrega á directora xeral dun documento elaborado polo profesorado do CIFP Ánxel Casal con demandas urxentes, perfectamente asumíbeis por calquera outro CIFP, e que inclúe unha solución á simplificación burocrática na que supostamente leva traballando a Consellaría desde o Acordo de 2023. No documento tamén se fai referencia **á desaparición da oferta modular de 4 ciclos menos nos últimos dous cursos** - C.F.G.S. Educación Infantil, C.F.G.S. Integración Social, C.F.G.M. Emerxencias Sanitarias e C.F.G.M. Atención a persoas en situación de dependencia- desviando o alumnado ou ben á modalidade a distancia ou a centros privados e á necesidade de contar con máis de unha orientadora

porque superan os 2.000 estudantes. Ademais piden maior dedicación horaria para todas as titorías, que compute o alumnado repetidor dentro das ratios máximas e o alumnado NEE/NEAE como dobre, ademais de rematar coa discriminación horaria e reducir as ratios en distancia, entre outras medidas.

E, por suposto, a CIG-Ensino volveu facer referencia na súa introdución ao **malestar do profesorado especialista de sectores singulares pola discriminación salarial á que está sometido**. Xa hai catro comunidades autónomas que teñen equiparado salarialmente todo o profesorado de FP (Euskadi, Catalunya, Baleares e Asturias) e só hai que ter vontade política para acometer esta medida, que non supón un gasto importante dentro do orzamento da Consellaría.

A continuación inclúense, nalgúns casos de forma conxunta, as achegas ao articulado e a intervención da CIG-Ensino sobre cada un dos proxectos de Orde.

Proxecto de Orde do currículo dos ciclos de grao básico

Artigo 2: “con carácter integrado”. Que quere dicir isto exactamente? Porque no DECRETO 126/2023, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo dos ámbitos, o de Comunicación e Sociedade estruturábase en tres bloques a efectos de contidos e criterios de avaliación e en cinco o de Ciencias Aplicadas. No primeiro ámbito o concepto de integrado ten a súa relevancia porque a impartición da lingua estranxeira require dun docente especialista na mesma e non se pode obrigar a que un docente de castelán ou de galego, por exemplo, imparta inglés se non ten a titulación requirida. O artigo 8.2, que fai referencia ao RD 286/2023, non é incompatible con que se esixa docente especialista de lingua estranxeira para a UF de Inglés e a excepcionalidade do artigo 8.3 debe ser efectivamente unha excepcionalidade. **A Dirección Xeral responde que todo vai seguir como até agora e que o concepto “integrado” non ten ningunha implicación, de forma que seguirá tendo atribución docente o profesorado de inglés para esta UF.**

En calquera caso, a posición da CIG-Ensino sobre o equilibrio entre as linguas dentro do ámbito Comunicación e Sociedade e, en xeral, dentro dos ciclos formativos é claramente coñecida. **Estase a incumprir claramente que a metade da carga horaria dos ciclos formativos se estea a impartir en galego, algo que vén recollido na Disposición adicional primeira que fai referencia ao Decreto**

de Plurilingüismo destas Ordes. E no caso do ámbito de Comunicación e Sociedade en primeiro curso hai 44 horas de galego e 44 de castelán fronte a 59 de inglés. Co incremento de alumnado migrante en xeral e nestas ensinanzas en particular habería que incrementar o horario das linguas cooficiais.

Artigo 6.4. Pedimos que se cumpra a súa literalidade e que se lle garantan os recursos necesarios ao alumnado con discapacidade para cursar esas ensinanzas. Isto inclúe persoal auxiliar coidador e transporte adaptado, de ser necesario, durante a fase de formación na empresa que lle foron negados nalgún caso. **Responden que están de acordo en mellorar a atención á diversidade pero non indican ningunha medida concreta.**

Artigo 7. É demasiado detallado e exhaustivo tanto o que aparece neste artigo como posteriormente nos anexos de cada ciclo para o pouco que se cumpren estes requirimentos dos espazos, sobre todo nos centros privados, pero tamén nos públicos. Con todo faltaría incluír a dotación de vestiarios e duchas para moitos ciclos, por exemplo, os da rama Agraria ou de Actividades físicas e deportivas. **Comentan que os anexos de cada ciclo se fixeron coa colaboración de profesorado de cada familia profesional e que se comprometen a controlar que se cumpran estas especificacións.**

Artigo 8.1 Sobra a inclusión do profesorado experto. No artigo 49 do Decreto 20/26 cinguen a contratación do persoal experto do sector produtivo aos graos E á a oferta de alta especialización. Agora inclúen no currículo dos ciclos básicos a posibilidade de que tamén poidan impartir neste nivel. Fan corta e pega deste artigo en todas as ordes. O que queda claro con esta redacción é cal é a folla de ruta a seguir: **a privatización absoluta da docencia no sistema público de FP.** **Responden que incluíron o persoal experto por se nun futuro algún dos módulos de FP básica se atribúen a este perfil docente nos currículos que se poidan aprobar.**

Artigo 8.5.a) Non hai o módulo de Inglés profesional nos ciclos básicos. Non debería incluírse este artigo. **Din que xa está corrixido na versión para publicar.**

Os apartados 8.5.c) e d), que xa se incluíron no Decreto 20/26 non poden converterse nunha salvagarda para saltarse a orde de prioridade de elección de módulos e horarios. Xa está habendo problemas nestes momentos nos centros sobre todo coa interpretación do apartado c). Neste sentido cómpre lembrar **as comisións fantasma que hai**

na Formación Profesional, un fenómeno case exclusivo destas ensinanzas en Galiza, e das que solicitamos aclaracións concretas nesta Mesa Sectorial. Nestes intreos hai profesorado con destino definitivo nun centro que sen pasar polo CADP e sen ter ningunha comisión establecida legalmente (saúde, concilia, dirección ou concelleiro/a) está noutro centro ou ben impartindo ciclos de FP básica ou ben Cursos de Especialización. Isto non é legal e pervértese todo o sistema, até o punto de que se bloquea a oferta destas prazas no CXT xa que non computan como provisionais durante os tres anos que a Lei 20/21 establece de tope para que saian a concurso de traslados ou a oposicións.

A directora xeral defende que cando se implanta unha nova titulación de FP básica é normal que vaia unha persoa con experiencia e que o que hai que mirar é que non se perpetúe no tempo. No caso dos Cursos de Especialización indicou que antes de adxudicalos a un centro este debe asegurar que ten profesorado estábel disposto a impartilos, aínda que despois se poden producir cambios derivados de concursos e demais.

Artigo 9. Estamos en contra de incluír este artigo pero en calquera caso no apartado 1 hai que cambiar a redacción e poñer que só poderá recorrerse a este persoal cando se esgoten as vías ordinarias para garantir a docencia **e, non ou,** para garantir o dominio de procesos específicos do sector produtivo. É dicir, só se poderá recorrer a estas figuras cando se esgoten as listaxes de substitución en todas as súas vías posíbeis. En calquera caso insistimos que non teñen sentido estas figuras na FP Básica. A directora xeral limítase a dicir que esta redacción está copiada do Decreto 20/26 e que xa pasou todos os trámites legais pertinentes.

A CIG-Ensino amosouse totalmente en contra de que esta contratación parta da dirección dos centros. Nestes momentos a contratación de profesorado especialista, cando é estritamente necesario, é un proceso centralizado pola Consellaría cunha convocatoria aberta, cun baremo claro e cunhas normas vinculantes. Se a persoa experta cambia de posto de traballo no sector privado ou queda en situación de **desemprego**, por exemplo, deixa de cumprir os requisitos e debera ser cesada da docencia; se enferma ou está de permiso, quen vai asumir a docencia...? **A directora xeral responde que as direccións só van definir o perfil de persoa que se precisa pero que posteriormente se regulará a súa convocatoria e selección.**

En calquera caso a CIG-Ensino foi moi crítica con que queden moitas cuestións sen regular dos currículos e que se aproveiten estas Ordes para incluír este artigo relativo á introdución destas figuras externas na docencia e alerta dos múltiples problemas que hai noutras comunidades que as teñen implantadas.

A disposición adicional cuarta podería obviarse porque a FP básica non é garentida para os centros privados.

Disposición adicional sétima. Coa extensión dos centros privados algún centro público, da cidade de Vigo por exemplo, vai ter que facer tantos trámites administrativos para o alumnado externo como para o interno. É preciso maior dotación de persoal administrativo nos centros públicos.

Proxecto de Ordes dos currículos dos ciclos de grao medio e superior

Do preámbulo a CIG-Ensino amosouse **en contra de que se limiten os módulos optativos da comunidade autónoma ao de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira e Afondamento nas competencias profesionais** que, ademais, incumpren a normativa estatal que fala dun único módulo optativo anual ou de dous cuatrimestrais. A Consellaría optou por dous anuais e dualizalos, cando se podería ter aproveitado para que cada familia profesional tivese un catálogo de optatividade que evolucione no tempo pero cun currículo estandarizado mentres estean viventes eses módulos. É un atraso ter que inventarse un currículo para poder programar, ademais de que vai en contra da normativa (a LOMLOE fala de concreción curricular).

En calquera caso, esta foi unha das achegas principais que recolleamos ao longo do curso nos centros. **É unha oportunidade perdida non ter un módulo optativo profesional de 90 horas que permita afondar de verdade naquelas competencias profesionais que demanda o sector produtivo e que non están incluídas no currículo dos ciclos, algún deles claramente obsoleto.** A administración optou pola vía doada e por unha decisión que, como xa se expuxo, tampouco garante que o alumnado de FP saia con maior dominio do inglés, polo que esta decisión, responsabilidade exclusiva da Consellaría, incide nunha perda de calidade formativa dentro dos ciclos.



Pola contra, seguimos pedindo que se inclúa un módulo complementario, non asociado ao Catálogo estatal de ofertas de FP, que a maiores das 2000 horas dos ciclos medios e superiores permita cursar galego e obter o Celga 4 ao remate destas ensinanzas. Esta opción vai en consonancia co recollido no artigo 6.7 que di literalmente que a Consellaría promoverá medidas metodolóxicas de atención á diversidade “con especial atención á adquisición das competencias lingüísticas contidas nos módulos profesionais ou ámbitos para o alumnado que presente dificultades na súa expresión oral”. Ademais é perfectamente viábel en todos os centros nos que se imparten ciclos formativos porque agora contan con profesorado de Lingua Galega. Non é de recibo que o inglés sexa obrigatorio e conte con 120 horas das 2000, mentres que o alumnado que estude o itinerario de CM e CS non poida certificar o nivel de galego ao rematar estes estudos.

Por último, consideramos un erro que o Ministerio estendera o Módulo de Proxecto intermodular aos ciclos medios e pedimos que se deixe liberdade aos centros para que teñan cabida nel actividades que se realicen de forma coordinada ao longo do curso entre varios módulos ou ciclos, sen que se converta nun elemento máis de burocracia para alumnado e profesorado. Debe terse en conta que a súa titorización ten que ser compartida e que hai que prever asignación horaria para a mesma.

Artigo 3.1. Por que non se adaptan os currículos dos módulos de IPE II, Inglés profesional, Sostibilidade e Dixitalización? Non ten Galiza características propias que deban ser reflectidas nesa adaptación? De novo inciden no mesmo argumentario polo que non se van adaptar os currículos dos ciclos en Galiza e insisten en que se poderán adaptar os contidos á contorna produtiva nas programacións.

Artigo 6.2. Non estamos de acordo con incluír no apartado da Metodoloxía “favorecer a participación das empresas no proceso formativo”. Ademais parécenos que este apartado debiera ser diferenciado nas distintas ordes porque claramente os principios metodolóxicos non deben ser os mesmos nos ciclos básicos que nos Cursos de Especialización.

Artigo 7. Hai un erro. Cambiar ciclos superiores por medios no borrador dos CM. Sobre os espazos de novo incidir en que hai que cumprir o que aparece nesta Orde porque para algo se especifica. Ademais hai familias profesionais como a de Comercio ou de Servizos á Comunidade que se senten discriminadas pola concepción da administración de que se tratan de ensinanzas máis teóricas e non dispoñen de aulas técnicas ou talleres como noutros casos. **A DX de FP insiste en que hai aulas de escaparatismo e talleres en case todos os ciclos destas familias profesionais en Galiza.**

Artigo 8.1. Quitar a referencia ao persoal experto.

Artigo 8.4. Non se entende cal é a intención de desvirtuar tanto os requisitos para acceder á docencia na Formación Profesional. En calquera caso, agardamos que a redacción deste apartado non sirva para exonerar a persoal docente de FP de ter a formación pedagóxica requirida por normativa estatal tanto nos centros privados, onde sabemos que este requisito se pasa por alto en moitas ocasións, como por exemplo nos CFEAS. **A directora xeral defende que se incluíu para garantir que cando non se atopan docentes que cumpran os requisitos, un problema que recoñeceu que é cada vez maior, que se garanta que polo menos esa persoa teña experiencia ou formación relacionada co que vai impartir durante tres anos.** A CIG-Ensino chamou a reflexionar por que a docencia non é unha saída laboral atractiva para moitas persoas, nomeadamente nas ensinanzas de Formación Profesional, e que a solución pasa por valorizar a profesión e mellorar as condicións laborais.

Artigo 8.5.b) De novo non sabemos cal é a intención deste “agrupamento” pero opoñémonos frontalmente ao que pasou este curso que nalgún centro se agrupou o módulo de IPE I ou IPE II para varios ciclos á vez.

Disposición adicional primeira. Na FP non se cumpre o Decreto do plurilingüismo, sobre todo na FP a distancia onde os materiais do Ministerio son exclusivamente en castelán en todos os módulos

do ciclo. A Consellaría eliminou as licenzas por formación retribuídas que era unha das poucas fórmulas para crear contidos actualizados para a FP no noso idioma. **Responden que hai moito material en galego tanto da formación a distancia como dos módulos transversais, ademais de traducir outro que envía o Ministerio.**

Disposición adicional oitava (CM). Está repetido o punto 3. En relación á validación dos cursos de formación en benestar animal temos queixas sobre que AGACAL non está expedindo estes certificados ao alumnado. Supoñemos que despois deste documento terán que expedilas. **Comentan que Medio Rural está traballando nunha normativa específica para a expedición destes certificados.**

Disposición adicional sexta (CS). Igual que se citan os módulos do CS de Vitivinicultura que permiten obter o carné de aplicador de fitosanitarios preguntamos por que non se inclúen todas as titulacións que recolle o anexo IV do RD 1311/2012 para validar os diferentes niveis de carné. **Van contrastar que non quedara ningunha fóra porque din que lles interesa que se poidan certificar todas as habilitacións e carnés profesionais posíbeis en todas**

Proxecto de Orde dos currículos dos Cursos de Especialización

Artigo 5. Non se entende como precisamente son os CE as únicas ofertas que nalgún caso non incorporan formación na empresa, pola madurez do alumnado, de aí que se vexa con bos ollos que se inclúa esta posibilidade no articulado da Orde.

Artigo 8. Profesorado. Neste apartado botamos de menos unha regulamentación máis concreta de quen debe asumir a impartición destes CE. Se facemos unha analoxía con outras etapas educativas os cursos máis altos correspóndenlle sempre a persoal catedrático e con destino definitivo no

centro. No caso da FP nunca se chegou a regular esta cuestión senón que simplemente se indica nas instrucións de cada curso escolar que: *A asignación de profesorado en cada centro a cada un dos módulos do curso de especialización realizarase con carácter prioritario ao profesorado formado especificamente pola Administración educativa para tal fin ou que acredite dispor de titulación, experiencia profesional ou formación adecuadas.* Ademais do que xa se indicou sobre a necesidade de erradicar as comisións irregulares para impartir estas formacións debería fixarse que, se non hai profesorado voluntario con formación e experiencia nas áreas incluídas no CE, estas se adscriban a alguén con destino definitivo no centro para darlle estabilidade a esta oferta formativa. Ademais debe quedar máis definido na norma quen ten preferencia de existir dúas persoas candidatas a impartir un mesmo módulo. **A directora xeral comentou que seguirán regulando esta adscripción nas instrucións para o desenvolvemento do curso e que intentarán ser máis específicos.**

No caso dos CE é urxente que se cree unha rede de recursos didácticos en galego para utilización por parte do profesorado fornecida pola propia Consellaría dado que supón moito esforzo preparar este material. **A directora xeral comprometeuse a fomentar que se elabore máis material específico para os Cursos de Especialización.**

Apartado de Varios

Instrucións para o vindeiro curso

É preciso aclarar canto antes moitas cuestións que agora mesmo o alumnado xa está preguntando e o profesorado non lle sabe contestar. Que vai pasar con quen non supere un módulo completo, e teña pendente só a formación na empresa ou só a formación no centro




educativo? Se o que non se superou é a fase de formación na empresa van ir en setembro facela? Que vai pasar en modular ou distancia cando un alumno ou alumna vaia facendo módulos soltos e teña completados os de segundo no centro e lle queden pendentes algúns de primeiro? Pode ir á empresa completar a formación deses módulos sempre que se cumpra a normativa de porcentaxe total de RAs? O alumnado de distancia ou modular irá á empresa no terceiro ou cuarto ano académico ou pode ir antes?

Por outro lado, se este foi un curso caótico, o vindeiro non se espera menos e adiantar cada vez máis o inicio do curso académico nestas ensinanzas somete a tal estrés ao profesorado que é imposible facelo medianamente ben. Seis días lectivos ten o profesorado de FP para preparar o curso en setembro. Esta planificación é atroz, mírese por onde se mire. O lóxico é que empezara a mediados de setembro como foi historicamente até hai moi poucos anos e aínda así con todos os cambios normativos iríase xusto de tempo.

A Consellaría responde que se van prorrogar as Instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de FP para o curso 2025-26 porque non hai cambios substanciais e que intentarán detallar todas estas cuestións nas Instrucións para o desenvolvemento do curso nestas ensinanzas e axilizar o máximo posible a súa publicación.

Implantación dos graos A, B e C nos centros de ensino públicos de Galiza, en lugar de tanta formación acelerada

Mentres a Consellaría potencia a formación acelerada a medida das empresas, fornecendo con recursos públicos o que poderían ofertar elas mesmas coas axudas que reciben para formación do seu persoal, a clase traballadora galega ten que seguir pagando por moitas formacións ou certificacións que necesita para traballar e que se poderían adquirir nos centros públicos de ensino: ADR mercancías perigosas, curso manipulador/a de alimentos, primeiros auxilios, carretilla elevadora, plataforma elevadora, nivel básico de prevención



riscos adaptados a distintos sectores, certificado de seguridade privada, certificado de habilitación de accesos, carnés profesionais de condución de vehículos... **Esta si sería unha formación profesional ao servizo da sociedade, como o sería que os centros de ensino público ofertaran os graos A, B e C de varias familias profesionais e non seguir engrosando o negocio privado arredor destas formacións.**

A directora xeral indica que estas formacións se impartiron fóra do horario lectivo en moitos centros nos últimos anos e que nas reunións cos equipos directivos o ano pasado se incidiu moito en que as inclúan dentro do módulo de Afondamento para as competencias profesionais. Estaría de acordo en que os centros públicos de ensino ofertaran graos A e B pero de momento a súa xestión segue dependendo de Emprego a nivel autonómico.

Proposta de que o Centro de Referencia Nacional da familia profesional de Imaxe Persoal se sitúe en Galiza

Non lles parece mala idea e volverán incidir na candidatura de que o CIFP Coroso sexa o CRN para o sector marítimo pesqueiro, un proxecto que quedou paralizado no seu momento a nivel do goberno central.

FP PÚBLICA E DE CALIDADE

Algo máis que un lema polo que loitar

1



Reforzo da oferta pública e custo da privada

Incremento de ciclos, sobre todo de FP básica e medios para evitar zonas de sombra no territorio e desigualdades entre alumnado. Límite á oferta privada e control da inspección dos centros autorizados.

2



Aposta pola formación presencial e dual ordinaria

Regulación da FP dual intensiva para evitar abusos e desaxustes curriculares entre a formación no centro e nas empresas, contrato de formación en alternancia, remate do período formativo o 31 de xullo...

3



Derrogación do Decreto 20/26 de FP galego

Elaboración dunha nova normativa consensuada co profesorado. Eliminación do persoal asociado e das figuras externas na FP (sen requisito de titulación, compatibilidade público-privada, acceso a dedo...)

4



Actualización dos currículos dos ciclos

Introdución en todos eles dun módulo optativo profesional para paliar a perda de horario de formación competencial nos centros e incremento do horario total e da duración dalgúns ciclos a 3 cursos

5



Menos Educabilidade e máis atención á diversidade

Eliminación de sistemas de xestión empresarial nos centros públicos. Dotación de máis persoal orientador e outros perfís para atender a diversidade, redución de ratios e formación docente en horario laboral

6



Recuperación de dereitos e avance noutros novos

Horario máximo semanal de 18 h. e compensación nos CIFP polos 60 min. Licenzas por formación retribuídas, estadias en empresas nacionais e internacionais retribuídas durante o curso, substitución das vacantes

7



Revalorización e igualdade salarial

Aprobación dun complemento equiparador para o PESSFP para evitar a discriminación entre corpos. Incremento salarial que faga atractiva a profesión docente e pago do verán ao persoal substituto.